

	<p>Hórreo no lugar na finca do Muíño do Médico en VILAZA</p>
<p>VISITA 1.-</p>	
	<p>NOME: Muíño do médico de Vilaza UBICACIÓN: Situado na cabeceira da segunda presa do río Zamáns, antes de entrar en Gondomar. CARACTERÍSTICAS: Trátase dun muíño de maquia de tres rodicios e igual número de moas, coa vivenda ao seu carón. Toda a construción está realizada en sillería granítica. INSCRICIÓN: Está sobre o lintel da porta de acceso: "MOLINO NUEVO DEL RÍO PASTOR/ES PROPIEDAD DE SU AUTOR D MANUEL/MOREYRA ALONSO MEDICO CIRUJANO/NATURAL DE VILAZA. 1885". ESTADO: Está bastante abandonado. Están a reconstruír as vivendas ao seu carón e é empregado como almacén. COORDENADAS: 42° 07' 18'' N /08° 45' 24'' W</p>
<p>VISITA 2.-</p>	
	
	<p>UBICACIÓN: Muíño na marxe esquerda do río Zamáns na 2ª catarata, antes de Gondomar, ao final do sendeiro. Accédese a el dende a estrada de Vincios-Gondomar. CARACTERÍSTICAS: 2 rodicios e vivenda. Semella un muíño de Maquia, polas súas dimensións e distribución. É curioso o seu cubo, que está varios metros atrás do muíño, chegando a auga a el a traveso de dúas canles de medra, cubertas hoxe de musgos. ESTADO: Ruinoso. Limparon o seu contorno e aterraron a parte superior para unha vivenda. COORDENADAS: 42° 07' 12'' N/08° 45' 31'' w</p>
<p>VISITA 3.-</p>	
	<p>NOME: Muíño de Callejorra UBICACIÓN: Na zona de O Peirao, no segundo encoro, nos confíns das parroquias de Gondomar e Vilaza, á marxe dereita do río. CARACTERÍSTICAS: Muíño de canle, orixinarimente cunha soa levada, aínda que a auga ao muíño entraba por dúas canles. Ten dous pés, pero fáltalle todo o mecanismo. ESTADO: Abandonado. Na actualidade forma parte do Sendeiro polo río Zamáns. COORDENADAS: 42° 07' 12'' N/ 08° 45' 31'' W</p>
<p>VISITA 4.-</p>	